IES A Basella
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
Av. de Galicia nº 3 - 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra. Tfno.: 886151873 - Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.es

## IES A Basella

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
# HISTORIA DA FILOSOFÍA
# 2º BACHARELATO
## DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA



**DATA REMATE ELABORACIÓN: OUTUBRO 2017**
**DATAS 1ª REVISIÓN: SETEMBRO 2018**
**DATAS 2ª REVISIÓN: SETEMBRO 2019**
**DATAS 3ª REVISIÓN: XANEIRO 2020**
**DATAS 4ª REVISIÓN: SETEMBRO 2020**
**DATAS 5ª REVISIÓN: SETEMBRO 2021**
**DATAS 6ª REVISIÓN: SETEMBRO 2022**

**Curso 2022-2023**

| | |
|---|---|
| **Data** | Setembro 2022 |
| **Versión** | 1.6 |
| **Tipo** | Documentación Departamento |

Av. de Galicia nº 3 - 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra. Tfno.: 886151873 - Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.es

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
# HISTORIA DA FILOSOFÍA - 2º BACHARELATO

Índice

1. **INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN..........................................PÁX. 3-5**
2. **CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. CONCRECIÓN QUE RECOLLA A RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS (INCLÚE GRÁFICO-MODELO DE PERFIL COMPETENCIAL)................................................................ PÁXS. 5-6**
3. **CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA O CURSO..............................PÁX. 7**
4. **CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE................PÁXS. 8-25**
5. **CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA. TRES CONTEXTOS POSIBLES: ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL, SEMIPRESENCIAL E NON PRESENCIAL...........................................................................PÁX. 25**
6. **MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS............................................PÁX. 26**
7. **CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO........................................................................................ PÁXS. 26-29**
8. **ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES..............................................................PÁX. 30**
9. **DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS RESULTADOS...........PÁX. 30**
10. **MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE......................................... PÁX.31**
11. **CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO.................................................................................... PÁX.31**
12. **ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS............................................................................PÁX. 31**
13. **INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN, E MODIFICACIÓNS DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E OS PROCESOS DE MELLORA................................................................. PÁXS. 32-33**
14. **ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR.........................PÁX. 33-34**
15. **ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC........................................PÁX. 34-35**
16. **ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA..................PÁX. 35**
17. **REFENCIAS NORMATIVAS.................................................................PÁXS. 35-36**
18. **DATOS DO DEPARTAMENTO..............................................................PÁX. 36**
19. **PUBLICIDADE DA PROGRAMACIÓN.................................................. PÁX.36**

Av. de Galicia nº 3 - 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra. Tfno.: 886151873 - Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.es

# 1.- INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

## A) INTRODUCIÓN.-

Historia da Filosofía, ademais de ser unha materia que dá sentido e continuidade desde unha perspectiva histórica ás ideas que se presentaron nas materias de Filosofía de primeiro de bacharelato, contribúe ao desenvolvemento integral dos alumnos e das alumnas de bacharelato, xa que permite tomar conciencia do seu ser como ser pensante e autónomo, e reflexionar sobre as súas propias crenzas, ideas e conviccións e as do mundo que hai arredor, de xeito crítico e razoado, e rexeitalas e/ou modificalas, ou asumilas como parte de si.

Historia da Filosofía non se presenta como un percorrido cronolóxico polas ideas do pensamento occidental sen máis; tampouco debería ser un simple compendio de autores e autoras, senón un intento de achegamento ao esforzo do ser humano por comprender a realidade e o propio ser humano en todas as súas dimensións. Trátase dunha investigación que nos fará máis libres, permitiranos comprender o pasado e o presente, e proxectar solucións sobre os problemas que se nos formulen no futuro. É no pensar de "outros/as" (e con "outros/as") como se foi configurando ao longo da historia das ideas, como lograremos estimular o noso propio pensamento, ese "sapere aude" kantiano, que nos leve a xerar as nosas propias ideas tendo en conta de onde proceden e respectando as persoas que non pensan coma nós. Ese pensar a través do diálogo de distintos/as autores/as e épocas que foron creando aproximacións ou tendencias cara á verdade respecto aos problemas e ás grandes preguntas que se formulou o ser humano ao longo da súa existencia constitúe a Historia da Filosofía. E nese percorrido, o alumnado deberá reflexionar sobre as razóns da presenza maioritariamente masculina na produción filosófica desde as súas orixes, ao tempo que debe coñecer o pensamento filosófico na muller.

Esta materia contribúe ao desenvolvemento das competencias clave do bacharelato pola súa propia natureza e polo xeito que está articulada, e permite o desenvolvemento persoal e social como cidadán ou cidadá, así como o desenvolvemento profesional no futuro, xa que, como materia terminal do bacharelato, adquire tamén a dimensión de propedéutica para un amplo abano de estudos e profesións posteriores. Historia da Filosofía permítelles aos alumnos e ás alumnas de bacharelato contribuír á consecución das seguintes competencias:

a) A competencia en comunicación lingüística, a través de disertacións, argumentacións, análises de textos relevantes, definicións de termos, diálogos, exposicións orais e escritas, ensaios filosóficos, etc.

b) A competencia social e cívica preséntase asociada a numerosos estándares de aprendizaxe da materia que poñen o alumnado en relación co proceso de formación e transformación da sociedade humana desde as súas orixes, e permiten coñecer os seus problemas e as respostas que se deron ao longo da historia.

c) A competencia de aprender a aprender contribúe a que o alumnado sexa quen de aprender por si mesmo, ao consolidar esta faceta noutros ámbitos, así como de cara ao futuro. Xa que logo, pídese reflexionar, aprender en equipo, comprender e explicar, etc.

d) A competencia dixital desenvólvese realizando traballos colectivos a través da TIC, utilizando ferramentas informáticas para realizar presentacións, procuras en internet, etc.

e) Foméntase tamén a consecución, entre outras, da competencia de conciencia e expresións culturais, xa que se recorre constantemente ao diálogo entre épocas e autores/as anteriores, facendo unha revisión das súas achegas ao ámbito das expresións culturais a nivel histórico.

A consecución destas competencias clave por parte do alumnado non se levará a cabo sen un cambio a nivel metodolóxico no proceso de ensino e aprendizaxe que vai supor un reto para os/as profesionais da educación nesta etapa. Este cambio hase concretar na práctica de traballo na aula e na metodoloxía, que lle ha permitir o desempeño ao alumnado dun alto grao de dominio das competencias, apoiándose na aprendizaxe cooperativa e a resolución conxunta de casos ou problemas, que permitan xeneralizar estratexias e aplicalas en situacións similares e reais, aprendendo dos demais. Pódense utilizar procedementos de avaliación variados, como por exemplo rúbricas, escalas, probas orais e escritas, portafolios e traballos de clase, posibilitando a participación do alumnado no seu proceso de avaliación.

Outro aspecto salientable da materia de Historia da Filosofía é o tratamento dos elementos transversais que corresponden ao bacharelato, destacando nomeadamente a comprensión e a expresión orais e escritas en todos os bloques da materia, ou o uso das tecnoloxías da información e da comunicación como elemento transversal no propio currículo da materia, entre outros.

A materia está organizada en cinco bloques: o primeiro é transversal e, por tanto, reaparecerá ao longo de todo o currículo, trátase da análise de textos, a argumentación, as ferramentas de investigación propias da filosofía e as aplicacións das tecnoloxías da información e da comunicación na materia; os outros catro bloques corresponden coas catro épocas máis relevantes da historia no relativo ao pensamento: Grecia Antiga, a Idade Media, a Modernidade e a Ilustración e a filosofía da Idade Contemporánea, que chega a ocuparse de autores/as e problemas actuais. Estes catro bloques están estruturados a través de autores/as salientables, dos/das que se sinala a súa terminoloxía, os textos máis representativos e as súas teorías características, e se contextualizan con outros/as autores/as ou épocas, resaltando á súa vez as súas contribucións á sociedade e á súa época.

**B) CONTEXTUALIZACIÓN.-**

- Curso: 2º bacharelato
- Número de grupos: 2
- Número de alumnos/as: 38
- A lingua predominante no alumnado é o galego.
- Non empregaremos libro de texto, senón os apuntamentos que foi elaborando ao longo destes

Av. de Galicia nº 3 - 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra. Tfno.: 886151873 - Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.es

anos Juan Ramón Búa Soneira e que actualizou este verán para o curso 2022-23.

- Tamén se empregarán recursos dixitais e documentais accesibles na rede.

## 2.- CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. CONCRECION QUE RECOLLA A RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVLIABLES QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS (INCLÚE GRÁFICO-MODELO DE PERFIL COMPETENCIAL)

Listado das competencias LOMCE coas súas correspondentes siglas:

§ Comunicación lingüística (CCL).
§ Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
§ Competencia dixital (CD).
§ Aprender a aprender (CAA).
§ Competencias sociais e cívicas (CSC).
§ Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
§ Conciencia e expresións culturais (CCEC).

| C. CLAVE | ESTÁNDAR APRENDIZAXE | %CONTRIBUCIÓN |
|---|---|---|
| CCL | ▪ HFB1.1.1, HFB1.1.2, HFB1.1.3, HFB1.2.1, HFB1.3.2, HFB 2.1.1, HFB2.1.2, HFB2.2.1, HFB2.2.2, HF3.2.1, HFB3.2.2, HFB4.2.1, HFB4.2.2, HFB4.3.1, HFB4.5.2, HFB4.5.3, HFB5.1.2, HFB5.2.1, HFB5.2.2, HFB5.3.1, HFB5.3.2, HFB5.4.2, HFB5.4.6 (23) | 34,85% |
| CMCCT | ▪ HFB2.2.4, HFB2.3.1 HFB4.1.1, HFB4.3.2 (4) | 6,06% |
| CD | ▪ HFB1.3.3, HFB1.4.1, HFB 1.4.2, HFB1.4.3 (4) | 6,06% |
| CAA | ▪ HFB1.1.2, HFB1.1.3, HFB1.3.1, HFB1.3.2, HFB1.1.2, HFB2.1.3, HFB2.2.3, HFB3.2.3, HFB4.5.1, HFB5.4.3, HFB5.4.6 (11) | 16,67% |
| CSC | ▪ HFB1.2.2, HFB2.1.4, HFB3.2.4, HFB4.1.2, HFB4.2.4, HFB4.3.3, HFB4.3.4, HFB4.4.1, HFB4.5.4, HFB5.1.1, HFB5.1.3, HFB5.1.4, HFB5.2.4, HFB5.3.3, HFB5.4.1, HFB5.4.4, HFB5.4.5 (17) | 25,76% |
| CSIEE | ▪ HFB1.2.1, HFB1.3.4 (2) | 3,03% |
| CCEC | ▪ HFB3.1.1, HFB3.3.1, HFB4.2.3, HFB5.2.3, HFB1.2.1 (5) | 7,58% |

**PERFIL COMPETENCIAL HISTORIA DA FILOSOFÍA 2º BACHARELATO**

| Competencias | Nº Competencias | Porcentaxe |
|---|---|---|
| CCL | 23 | 34,85 |
| CMCCT | 4 | 6,06 |
| CD | 4 | 6,06 |
| CAA | 11 | 16,67 |
| CSC | 17 | 25,76 |
| CSIEE | 2 | 3,03 |
| CCEC | 5 | 7,58 |
| TOTAL | 66 | 100,00 |




CCL ➲ Comunicación lingüística

CMCCT ➲ Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

CD ➲ Competencia dixital

CAA ➲ Aprender a aprender

CSC ➲ Competencias sociais e cívicas

CSIEE ➲ Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

CCEC ➲ Conciencia e expresións culturais

Av. de Galicia nº 3 - 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra. Tfno.: 886151873 - Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.es

## 3.-CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA O CURSO

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, fundamentalmente adquirindo os coñecementos científicos necesarios para sustentar unha igualdade de xénero e o respecto aos dereitos dos individuos, insistindo no especial dereito á saúde, tanto física coma psíquica.

b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais, para o que serán especialmente útiles os coñecementos adquiridos na materia.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural, relacionando o ámbito da materia con diferentes expresións culturais.

ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

Av. de Galicia nº 3 - 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra. Tfno.: 886151873 - Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.es

## 4.- CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DE:

### 4.1.- RELACIÓN DE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

| | Historia da Filosofía. 2º de bacharelato | | |
|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe |
| | Bloque 1. Contidos transversais | | |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B1.1. Comentario de texto.<br>▪ B1.2. Diálogo filosófico e argumentación. | ▪ B1.1. Realizar a análise de fragmentos dos textos máis salientables da historia da filosofía, e ser capaz de transferir os coñecementos a outros/as autores/as ou problemas. | ▪ HFB1.1.1. Comprende o sentido global dos textos máis salientables dos/das autores/as estudados/as, recoñecendo a orde lóxica da argumentación e as formulacións que se defenden, e é quen de transferir os coñecementos a outros/as autores/as ou problemas. |
| | | | ▪ HFB1.1.2. Analiza as ideas do texto, identificando a conclusión e os conceptos e as ideas relevantes, e recoñece a súa estrutura e a orde lóxica das súas ideas. |
| | | | ▪ HFB1.1.3. Argumenta a explicación das ideas presentes no texto, en relación coa filosofía do/da autor/a e os contidos estudados. |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e | ▪ B1.2. Diálogo filosófico e argumentación. | ▪ B1.2. Argumentar con claridade e capacidade crítica, oralmente e por escrito, as súas propias opinións sobre os problemas fundamentais da filosofía, dialogando de xeito razoado con outras posicións diferentes. | ▪ HFB1.2.1. Argumenta as súas propias opinións con claridade e coherencia, tanto oralmente como por escrito. |
| | | | ▪ HFB1.2.2. Utiliza o diálogo racional na defensa das súas opinións, e valora a diversidade de ideas e, á vez, apoiándose nos aspectos comúns. |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ m | ▪ B1.3. Ferramentas de aprendizaxe e investigación da filosofía. | ▪ B1.3. Aplicar adecuadamente as ferramentas e os procedementos do traballo intelectual á aprendizaxe da filosofía, realizando traballos de organización e investigación dos contidos. | ▪ HFB1.3.1. Sintetiza correctamente a filosofía de cada autor/a, mediante resumos dos seus contidos fundamentais, e clasifícaos nos núcleos temáticos que atravesan a historia da filosofía: realidade, coñecemento, ser humano, ética e política. |

Av. de Galicia nº 3 - 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra. Tfno.: 886151873 - Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.es

| | Historia da Filosofía. 2º de bacharelato | | |
|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe |
| | | | ▪ HFB1.3.2. Elabora listaxes de vocabulario de conceptos, comprende o seu significado, organízaos en esquemas ou mapas conceptuais, táboas cronolóxicas e outros procedementos útiles para a comprensión da filosofía do autor, e aplícaos con rigor. |
| | | | ▪ HFB1.3.3. Selecciona información de distintas fontes, bibliográficas e de internet, e recoñece as fontes fiables. |
| | | | ▪ HFB1.3.4. Realiza redaccións ou disertacións, traballos de investigación e proxectos que impliquen un esforzo creativo e unha valoración persoal dos problemas filosóficos formulados na historia da filosofía. |
| ▪ d<br>▪ g<br>▪ m | ▪ B1.4. Aplicación das competencias de tecnoloxías da información e da comunicación á historia da filosofía. | ▪ B1.4. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación na realización e na exposición dos traballos de investigación filosófica. | ▪ HFB1.4.1. Utiliza as ferramentas informáticas e da web 2.0. (wikis, blogs, redes sociais, procesador de textos, presentación de diapositivas ou recursos multimedia, etc.) para o desenvolvemento dos traballos. |
| | | | ▪ HFB1.4.2. Realiza procuras avanzadas en internet sobre os contidos da investigación, e decide os conceptos adecuados. |
| | | | ▪ HFB1.4.3. Colabora en traballos colectivos de investigación sobre os contidos estudados utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación. |
| | Bloque 2. A filosofía na Grecia antiga | | |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B2.1. Orixe da filosofía grega. Os presocráticos: resposta á orixe do cosmos.<br>▪ B2.2. Dialéctica socrática.<br>▪ B2.3. Convencionalismo democrático e relativismo dos sofistas | ▪ B2.1. Coñecer a orixe da filosofía en Grecia e comprender o primeiro gran sistema filosófico, o de Platón, analizando a relación entre realidade e coñecemento, a concepción dualista do ser humano e a dimensión antropolóxica e política da virtude, en relación coa filosofía preso- | ▪ HFB2.1.1. Utiliza conceptos de Platón como idea, mundo sensible, mundo intelixible, ben, razón, doxa, episteme, universal, absoluto, dualismo, reminiscencia, transmigración, mímese, methexe, virtude e xustiza, entre outros, e aplícaos con rigor. |

Av. de Galicia nº 3 - 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra. Tfno.: 886151873 - Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.es

| Obxectivos | Historia da Filosofía. 2º de bacharelato | | |
|---|---|---|---|
| | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe |
| | ▪ B2.4. Platón: ontoloxía e coñecemento; concepción dualista do ser humano; dimensión antropolóxica e política da virtude; o autor e o seu contexto. | crática e o xiro antropolóxico de Sócrates e os Sofistas, valorando a súa influencia no desenvolvemento das ideas e os cambios socioculturais da Grecia antiga, e apreciando criticamente o seu discurso. | ▪ HFB2.1.2. Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral como na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Platón, analizando a relación entre realidade e coñecemento, a concepción dualista do ser humano e a dimensión antropolóxica e política da virtude. |
| | | | ▪ HFB2.1.3. Distingue as respostas da corrente presocrática en relación á orixe do Cosmos, os conceptos fundamentais da dialéctica de Sócrates e o convencionalismo democrático e o relativismo moral dos sofistas, identificando os problemas da filosofía antiga, e relacionando esas respostas coas solucións achegadas por Platón. |
| | | | ▪ HFB2.1.4. Respecta o esforzo da filosofía de Platón por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais da Grecia antiga, valorando positivamente o diálogo como método filosófico, o nacemento das utopías sociais, o sentido do gobernante-filósofo ou a súa defensa da inclusión das mulleres na educación. |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B2.5. A física de Demócrito.<br>▪ B2.6. Problemas da filosofía antiga e solución de Aristóteles.<br>▪ B2.7. Aristóteles: metafísica, física, coñecemento, ética eudemonista e política. Comparación coa filosofía platónica. O autor e o seu contexto. | ▪ B2.2. Entender o sistema teleolóxico de Aristóteles, en relación co pensamento de Platón e a física de Demócrito, e valorando a súa influencia no desenvolvemento das ideas e cos cambios socioculturais da Grecia antiga. | ▪ HFB2.2.1. Utiliza con rigor conceptos do marco do pensamento de Aristóteles, como substancia, ciencia, metafísica, materia, forma, potencia, acto, causa, efecto, teleoloxía, lugar natural, indución, dedución, abstracción, alma, monismo, felicidade e virtude, entre outros. |
| | | | ▪ HFB2.2.2. Comprende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais de Aristóteles, examinando a súa concepción da metafísica e da física, o coñecemento, a ética eudemonística e a política, en comparación coas teorías de Platón. |
| | | | ▪ HFB2.2.3. Describe as respostas da física de Demócrito, identificando os problemas da filo- |

.

Av. de Galicia nº 3 - 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra. Tfno.: 886151873 - Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.es

| | Historia da Filosofía. 2º de bacharelato | | |
|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe |
| | | | sofía antiga, e relaciona esas respostas coas solucións achagadas por Aristóteles. |
| | | | ▪ HFB2.2.4. Estima e razoa o esforzo da filosofía de Aristóteles por contribuír ao desenvolvemento do pensamento occidental, valorando positivamente a formulación científica das cuestións. |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B2.8. Doutrinas éticas helenísticas: Epicureísmo, Estoicismo e Escepticismo.<br>▪ B2.9. Científicos helenísticos.<br>▪ B2.10. A Biblioteca de Alexandría. | ▪ B2.3. Coñecer as escolas éticas xurdidas no helenismo, como o Epicureísmo, o Estoicismo e o Escepticismo, valorar o seu papel no contexto socio-histórico e cultural da época, e recoñecer a repercusión dos grandes científicos helenísticos, apreciando a gran importancia para occidente da Biblioteca de Alexandría. | ▪ HFB2.3.1. Describe as respostas das doutrinas éticas helenísticas, e identifica algúns dos grandes logros da ciencia alexandrina. |
| | Bloque 3. A filosofía medieval | | |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B3.1. Cristianismo e filosofía. Agostiño de Hipona: teoría da iluminación, filosofía da historia, o problema da certeza e a defensa da liberdade. | ▪ B3.1. Explicar a orixe do pensamento cristián e o seu encontro coa filosofía a través das ideas fundamentais de Agostiño de Hipona, apreciando a súa defensa da liberdade, da verdade e do coñecemento interior ou a historia. | ▪ HFB3.1.1. Explica o encontro da filosofía e a relixión cristiá nas súas orixes, a través das teses centrais do pensamento de Agostiño de Hipona. |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B3.2. Escolástica medieval. Tomé de Aquino: relacións de razón e fe. Vías para a demostración da existencia de Deus. Lei moral. Relación coa filosofía antiga e coa agostiniana, a xudía e o nominalismo. O autor e o seu contexto. | ▪ B3.2. Coñecer a síntese de Tomé de Aquino, en relación co agostinismo, a filosofía árabe e xudía, e o nominalismo, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e nos cambios socioculturais da Idade Media. | ▪ HFB3.2.1. Define conceptos de Tomé de Aquino, como razón, fe, verdade, deus, esencia, existencia, creación, inmortalidade, lei natural, lei positiva e precepto, entre outros, e aplícaos con rigor. |
| | | | ▪ HFB3.2.2. Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Tomé de Aquino, distinguindo a relación entre fe e razón, as vías de demostración da existencia de Deus, e a lei moral, en comparación coas teorías da filosofía Antiga. |
| | | | ▪ HFB3.2.3. Discrimina as respostas do agosti- |

Av. de Galicia nº 3 - 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra. Tfno.: 886151873 - Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.es

| | Historia da Filosofía. 2º de bacharelato | | |
|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe |
| | | | nismo, a filosofía árabe e xudía, e o nominalismo, identificando os problemas da filosofía medieval, en relación coas solucións achegadas por Tomé de Aquino. |
| | | | ▪ HFB3.2.4. Valora o esforzo da filosofía de Tomé de Aquino por contribuír ao desenvolvemento das ideas e os ao cambios sociais da Idade Media, xulgando positivamente a universalidade da lei moral. |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B3.4. Crise da Escolástica no século XIV: nominalismo de Guillerme de Ockham. Relacións entre razón e fe. Novo pulo para a ciencia. | ▪ B3.3. Coñecer algunha das teorías centrais do pensamento de Guillerme de Ockham, cuxa reflexión crítica supuxo a separación entre razón e fe, a independencia da filosofía e o novo pulo para a ciencia. | ▪ HFB3.3.1. Coñece as teses centrais do nominalismo de Guillerme de Ockham e a súa importancia para a entrada na modernidade. |
| | Bloque 4. A filosofía na Modernidade e na Ilustración | | |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B4.1. A filosofía no Renacemento. Humanismo: novo concepto sobre a natureza humana.<br>▪ B4.2. F. Bacon. Os prexuízos na investigación do coñecemento.<br>▪ B4.3. Implicacións da revolución científica.<br>▪ B4.4. Realismo político de Maquiavelo. | ▪ B4.1. Comprender a importancia do xiro do pensamento occidental que se deu no Renacemento e que anticipa a modernidade, valorando o novo humanismo que enxalza a "dignitas hominis", a investigación dos prexuízos do coñecemento de F. Bacon e as implicacións da Revolución Científica, e coñecer as teses fundamentais do realismo político de N. Maquiavelo. | ▪ HFB4.1.1. Comprende a importancia intelectual do xiro do pensamento científico que se deu no Renacemento, e describe as respostas da filosofía humanista sobre a natureza humana. |
| | | | ▪ HFB4.1.2. Explica as ideas ético-políticas fundamentais de N. Maquiavelo e compáraas cos sistemas ético-políticos anteriores. |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B4.5. Descartes: O método, o *"cogito"* (coñecemento e realidade) e o dualismo antropolóxico.<br>▪ B4.6. Comparación do autor coa filosofía antiga e medieval, e relación coa Moderna. O autor e o seu contexto. | ▪ B4.2. Entender o racionalismo de Descartes, distinguíndoo e relacionándoo coa filosofía humanista e o monismo panteísta de Spinoza, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e nos cambios socioculturais da Idade Moderna. | ▪ HFB4.2.1. Identifica conceptos de Descartes como razón, certeza, método, dúbida, hipótese, "cogito", idea, substancia e subxectivismo, entre outros, e aplícaos con rigor. |
| | | | ▪ HFB4.2.2. Comprende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Descartes, analizando o método e a relación entre coñecemento e realidade a partir do "cogito" e o dualismo no ser humano, en comparación coas |

| | Historia da Filosofía. 2º de bacharelato | | |
|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe |
| | | | teorías da filosofía antiga e da medieval. |
| | | | ▪ HFB4.2.3. Identifica os problemas da filosofía moderna e relaciónaos coas solucións aportadas por Descartes. |
| | | | ▪ HFB4.2.4. Estima e razoa o esforzo da filosofía de Descartes por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios socioculturais da Idade Moderna, e valora a universalidade da razón cartesiana. |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B4.7. Hume: o coñecemento, crítica á causalidade e á substancia. Emotivismo moral. Comparación coa filosofía anterior. O autor e o seu contexto<br>▪ B4.8. Locke: liberalismo político. | ▪ B4.3. Coñecer o empirismo de Hume en relación co liberalismo político de Locke, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e os cambios socioculturais da Idade Moderna. | ▪ HFB4.3.1. Utiliza conceptos de Hume como escepticismo, crítica, experiencia, percepción, inmanencia, asociación, impresións, ideas, hábito, contradición, causa, crenza, sentimento, mérito, utilidade, felicidade, contrato social, liberdade e deber, entre outros, e úsaos con rigor. |
| | | | ▪ HFB4.3.2. Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais de Hume, distinguindo os principios e os elementos do coñecemento respecto á verdade, a crítica á causalidade e á substancia, e o emotivismo moral, en comparación coas teorías da filosofía antiga e da medieval, e co racionalismo moderno. |
| | | | ▪ HFB4.3.3. Coñece e explica as ideas centrais do liberalismo político de Locke, identificando os problemas da filosofía moderna, e relaciónaas coas solucións aportadas por Hume. |
| | | | ▪ HFB4.3.4. Valora o esforzo da filosofía de Hume por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios socioculturais da Idade Moderna, xulgando positivamente a procura da felicidade colectiva. |

Av. de Galicia nº 3 - 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra. Tfno.: 886151873 - Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.es

| | Historia da Filosofía. 2º de bacharelato | | |
|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B4.9. A Ilustración francesa. Rousseau: a crítica social, a crítica á civilización, o estado de natureza, a defensa do contrato social e a vontade xeral. | ▪ B4.4. Coñecer os principais ideais dos ilustrados franceses, afondando no pensamento de J.J. Rousseau, e valorar a importancia do seu pensamento para o xurdimento da democracia mediante unha orde social acorde coa natureza humana. | ▪ HFB4.4.1. Comprende os ideais que impulsaron os ilustrados franceses, e explica o sentido e transcendencia do pensamento de Rousseau, a súa crítica social, a crítica á civilización, o estado de natureza, a defensa do contrato social e a vontade xeral. |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B4.10. Idealismo transcendental. Kant: as facultades e límites do coñecemento.<br>▪ B4.11. Lei Moral e paz perpetua.<br>▪ B4.12. Relación do proxecto ilustrado de Rousseau coa filosofía Moderna e Kant.<br>▪ B4.13. Comparación coas teorías da filosofía antiga, medieval e moderna. | ▪ B4.5. Comprender o idealismo crítico de Kant, en relación co racionalismo de Descartes, o empirismo de Hume e a filosofía ilustrada de Rousseau, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e os cambios socioculturais da Idade Moderna. | ▪ HFB4.5.1. Aplica conceptos de Kant como sensibilidade, entendemento, razón, crítica, transcendental, ciencia, innato, xuízo, a priori, a posteriori, facultade, intuición, categoría, ilusión transcendental, idea, lei, fenómeno, nóumeno, vontade, deber, imperativo categórico, autonomía, postulado, liberdade, dignidade, persoa, paz e pacto, entre outros, e utilízaos con rigor. |
| | | | ▪ HFB4.5.2. Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Kant, analizando as facultades e os límites do coñecemento, a lei moral e a paz perpetua, comparándoas coas teorías da filosofía antiga, medieval e moderna. |
| | | | ▪ HFB4.5.3. Describe a teoría política de Rousseau, identificando os problemas da filosofía moderna e relacionándoa coas solucións achegadas por Kant. |
| | | | ▪ HFB4.5.4. Respecta e razoa o esforzo da filosofía de Kant por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios socioculturais da Idade Moderna, e valora a dignidade e a procura da paz entre as nacións |
| | Bloque 5. A filosofía contemporánea | | |
| ▪ b<br>▪ c | ▪ B5.1. Marx: o materialismo histórico, a crítica ao idealismo, á alienación e á ideoloxía, e a | ▪ B5.1. Entender o materialismo histórico de Marx, en relación co idealismo de Hegel e con Feuerbach, e valorar a súa influencia no de- | ▪ HFB5.1.1. Identifica conceptos de Marx como dialéctica, materialismo histórico, praxe, alienación, infraestrutura, superestrutura, forzas pro- |

Av. de Galicia nº 3 - 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra. Tfno.: 886151873 - Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.es

| | Historia da Filosofía. 2º de bacharelato | | |
|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ h | súa visión humanista do individuo.<br>▪ B5.2. Relación de Marx cos problemas da filosofía contemporánea. O autor e o seu contexto. | senvolvemento das ideas e nos cambios socioculturais da Idade Contemporánea. | dutivas, medios de produción, loita de clases, traballo, plusvalor e humanismo, entre outros, e utilízaos con rigor. |
| | | | ▪ HFB5.1.2. Coñece e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Marx, examinando o materialismo histórico e a crítica ao idealismo, á alienación e á ideoloxía, e expón a súa visión humanista do individuo. |
| | | | ▪ HFB5.1.3. Identifica os problemas da filosofía contemporánea en relación coas solucións achegadas por Marx. |
| | | | ▪ HFB5.1.4. Valora o esforzo da filosofía de Marx por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais da Idade Contemporánea, xulgando positivamente a defensa da igualdade social. |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B5.3. Nietzsche: crítica á metafísica, á moral e á ciencia; a verdade como metáfora.<br>▪ B5.4. O superhome, como resultado da inversión de valores e a vontade de poder, e comparación coas teorías da filosofía antiga, medieval, moderna e contemporánea. O autor e o seu contexto.<br>▪ B5.5. A vontade en Schopenhauer. | ▪ B5.2. Comprender o vitalismo de Nietzsche en relación co vitalismo de Schopenhauer, e valorar a súa influencia no desenvolvemento das ideas e os cambios socioculturais da Idade Contemporánea. | ▪ HFB5.2.1. Define conceptos de Nietzsche como crítica, traxedia, intuición, metáfora, convención, perspectiva, xenealoxía, transvaloración, nihilismo, superhome, vontade de poder, e eterno retorno, entre outros, e aplícaos con rigor. |
| | | | ▪ HFB5.2.2. Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Nietzsche, considerando a crítica á metafísica, á moral e á ciencia, a verdade como metáfora, e a afirmación do superhome, como resultado da inversión de valores e a vontade de poder, en comparación coas teorías da filosofía antiga, medieval, moderna e contemporánea. |
| | | | ▪ HFB5.2.3. Distingue as respostas de Schopenhauer na súa afirmación da vontade e identifica |

Av. de Galicia nº 3 - 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra. Tfno.: 886151873 - Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.es

| | Historia da Filosofía. 2º de bacharelato | | |
|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe |
| | | | os problemas da filosofía contemporánea, en relación coas solucións achegadas por Nietzsche. |
| | | | ▪ HFB5.2.4. Estima o esforzo da filosofía de Nietzsche por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais da Idade Contemporánea, e valora a defensa da verdade e da liberdade. |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B5.6. Filosofía española. Ortega y Gasset: a súa relación con posturas filosóficas como o realismo, o racionalismo, o vitalismo ou o existencialismo, e outras posturas filosóficas. O autor e o seu contexto. | ▪ B5.3. Entender o raciovitalismo de Ortega y Gasset en relación con figuras da filosofía española, como Unamuno, e do pensamento europeo, e valorar as influencias que recibe e a repercusión do seu pensamento no desenvolvemento das ideas e a rexeneración social, cultural e política de España. | ▪ HFB5.3.1. Utiliza conceptos de Ortega y Gasset e aplícaos con rigor, como obxectivismo, ciencia, europeización, filosofía, mundo, circunstancia, perspectiva, razón vital, raciovitalismo, vida, categoría, liberdade, idea, crenza, historia, razón histórica, xeración, home-masa e home selecto, entre outros. |
| | | | ▪ HFB5.3.2. Comprende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía e da análise social de Ortega y Gasset, en relación con posturas filosóficas como o realismo, o racionalismo, o vitalismo ou o existencialismo, entre outras. |
| | | | ▪ HFB5.3.3. Respecta o esforzo da filosofía de Ortega y Gasset por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais e culturais da Idade Contemporánea española, e valorao seu compromiso coa defensa da cultura e da democracia. |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B5.7. Filosofía crítica da escola de Frankfurt. A crítica a razón ilustrada e á idea de progreso.<br>▪ B5.8. Racionalidade dialóxica de Habermas: os intereses do coñecemento e a acción comunicativa.<br>▪ B5.9. Contribución de Habermas ao desenvol- | ▪ B5.4. Coñecer as teses fundamentais da crítica da Escola de Frankfurt, analizando a racionalidade dialóxica de Habermas, relacionándoo coa filosofía crítica da Escola de Frankfurt, e valorando a súa influencia no desenvolvemento das ideas e os cambios socioculturais da Idade Contemporánea. Coñecer as teses máis defini- | ▪ HFB5.4.1. Identifica conceptos de Habermas, como coñecemento, interese, consenso, verdade, enunciado, comunicación, desigualdade, ou mundo da vida, e conceptos da filosofía posmoderna, como deconstrución, diferenza, cultura, texto, arte, e comunicación, entre outros, aplicándoos con rigor. |

| | Historia da Filosofía. 2º de bacharelato | | |
|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe |
| | vemento das ideas e aos cambios sociais da Idade Contemporánea.<br>▪ B5.10. Pensamento posmoderno: principais teses dos filósofos posmodernos, como Vattimo, Lyotard e Baudrillard, e reflexión sobre a súa vixencia actual. | torias do pensamento posmoderno, identificando as teses fundamentais de Vattimo, Lyotard e Baudrillard, e valorar criticamente a súa repercusión no pensamento filosófico a partir de finais do século XX. | ▪ HFB5.4.2. Entende e explica con claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías da filosofía de Habermas, distinguindo os intereses do coñecemento e a acción comunicativa, e as teorías fundamentais da posmodernidade, analizando a deconstrución da modernidade desde a multiplicidade da sociedade da comunicación. |
| | | | ▪ HFB5.4.3. Identifica as respostas da filosofía crítica da escola de Frankfurt e reflexiona sobre elas, identificando os problemas da filosofía contemporánea. |
| | | | ▪ HFB5.4.4. Estima o esforzo da filosofía de Habermas e do pensamento posmoderno por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais da Idade Contemporánea, e valora o seu esforzo na defensa do diálogo racional e o respecto á diferenza. |
| | | | ▪ HFB5.4.5. Coñece as teses características do pensamento posmoderno, como a crítica á razón ilustrada, á idea de progreso, ao pensamento totalizador e á trivialización da existencia, o crepúsculo do deber, ou a perda do suxeito fronte á cultura de masas, entre outras. |
| | | | ▪ HFB5.4.6. Explica e argumenta sobre as principais teses dos filósofos posmodernos, como Vattimo, Lyotard e Baudrillard, e reflexiona sobre a súa vixencia. |

**4.2.- CONCRECIÓN:**

**1º- TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE***
**2º- GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA**
**3º- PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

| CONTIDOS | Estándares | Grao mínimo de consecución | Peso cualificación | Temporalización | Procedemento/ instrumento de avaliación |
|---|---|---|---|---|---|
| B1.1<br>B1.2<br>B1.3 | ▪ HFB1.1.1 | ▪ HFB1.1.1. Comprende, cando menos basicamente, o sentido global dos textos máis salientables dos/das autores/as estudados/as, recoñecendo a orde lóxica da argumentación e as formulacións que se defenden, e é quen de transferir os coñecementos a outros/as autores/as ou problemas. | 1,00% | 1º trimestre | Proba obxectiva/ Comentario de textos |
| | ▪ HFB1.1.2 | ▪ HFB1.1.2. Analiza as ideas do texto, E é quen de identificar suficientemente a conclusión e os conceptos e as ideas relevantes, así como recoñecer a nivel global a súa estrutura e a orde lóxica das súas ideas. | 1,00% | | |
| | ▪ HFB1.1.3 | ▪ HFB1.1.3. Argumenta suficientemente a explicación das ideas presentes no texto, en relación coa filosofía do/da autor/a e os contidos estudados. | 1,00% | | |
| B1.2<br>B1.3 | ▪ HFB1.2.1 | ▪ HFB1.2.1. Argumenta con corrección básica as súas propias opinións con claridade e coherencia, tanto oralmente como por escrito. | 1,00% | | Observación na aula/ Debates filosóficos/ Elaboración resumos/ Disertacións |
| | ▪ HFB1.2.2. | ▪ HFB1.2.2. Utiliza o diálogo racional, cando menos de xeito parcial, na defensa das súas opinións, e valora a diversidade de ideas e, á vez, apoiándose nos aspectos comúns. | 1,00% | | |
| | ▪ HFB1.3.1 | ▪ HFB1.3.1. Sintetiza coa corrección suficiente a filosofía de cada autor/a, mediante resumos dos seus contidos fundamentais, e clasifícaos nos núcleos temáticos que atravesan a historia da filosofía: realidade, coñecemento, ser humano, ética e política. | 1,00% | | |
| B1.3<br>B1.4 | ▪ HFB1.3.2 | ▪ HFB1.3.2. Elabora listaxes de vocabulario de conceptos, comprende basicamente o seu significado, organízaos en esquemas ou mapas conceptuais, táboas cronolóxicas e outros procedementos útiles para a comprensión da filosofía do autor, e aplícaos co rigor suficiente. | 1,00% | | Elaboración Mapas Conceptuais. |
| | ▪ HFB1.3.3. | ▪ HFB1.3.3. Selecciona información de distintas fontes, bibliográficas e de internet, e recoñece as fontes fiables. | 1,00% | | Compilación de material na rede. |
| | ▪ HFB1.3.4 | ▪ HFB1.3.4. Realiza redaccións ou disertacións, traballos de investigación e proxectos que impliquen un esforzo creativo básico e unha valoración persoal dos problemas filosóficos formulados na historia da filosofía. | 1,00% | 1º trimestre | Redaccións/ Disertacións/ Traballos |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | ▪ HFB1.4.1 | ▪ HFB1.4.1. Utiliza as ferramentas informáticas e da web 2.0. (wikis, blogs, redes sociais, procesador de textos, presentación de diapositivas ou recursos multimedia, etc.) para o desenvolvemento dos traballos. | 1,00% | 1º,2º,3º,trimestre | Compilación de material na rede./ Realización traballos |
| B.1.4 | ▪ HFB1.4.2. | ▪ HFB1.4.2. Realiza procuras avanzadas en internet sobre os contidos da investigación, e decide os conceptos adecuados. | 1,00% | | Procura en internet/ Observación na aula |
| | ▪ HFB1.4.3 | ▪ HFB1.4.3. Colabora en traballos colectivos de investigación sobre os contidos estudados utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación. | 1,00% | | Traballo grupal |
| B.2.1<br>B.2.2<br>B.2.3<br>B.2.4 | ▪ HFB2.1.1. | ▪ HFB2.1.1. Utiliza con corrección básica conceptos de Platón como idea, mundo sensible, mundo intelixible, ben, razón, doxa, episteme, universal, absoluto, dualismo, reminiscencia, transmigración, mímese, methexe, virtude e xustiza, entre outros, e aplícaos co suficiente rigor. | 2,00% | 1º trimestre | Proba obxectiva/Exame modelo CIUG Platón- Filosofía Antiga (1) / Comentario de textos/ Probas test/Disertacións |
| | ▪ HFB2.1.2. | ▪ HFB2.1.2. Entende e explica coa claridade suficiente, tanto na linguaxe oral como na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Platón, analizando con corrección básica a relación entre realidade e coñecemento, a concepción dualista do ser humano e a dimensión antropolóxica e política da virtude. | 2,00% | | |
| | ▪ HFB2.1.3 | ▪ HFB2.1.3. Distingue suficientemente as respostas da corrente presocrática en relación á orixe do Cosmos, os conceptos fundamentais da dialéctica de Sócrates e o convencionalismo democrático e o relativismo moral dos sofistas, identificando basicamente os problemas da filosofía antiga, e relacionando esas respostas coas solucións achegadas por Platón. | 2,00% | 1º trimestre | |
| | ▪ HFB2.1.4 | ▪ HFB2.1.4. Respecta dentro duns mínimos básicos o esforzo da filosofía de Platón por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais da Grecia antiga, valorando positivamente o diálogo como método filosófico, o nacemento das utopías sociais, o sentido do gobernante-filósofo ou a súa defensa da inclusión das mulleres na educación. | 2,00% | 1º trimestre | |
| B.2.5<br>B.2.6<br>B.2.7<br>B.2.8<br>B.2.9<br>B.2.10 | ▪ HFB2.2.1 | ▪ HFB2.2.1. Utiliza con rigor básico conceptos do marco do pensamento de Aristóteles, como substancia, ciencia, metafísica, materia, forma, potencia, acto, causa, efecto, teleoloxía, lugar natural, indución, dedución, abstracción, alma, monismo, felicidade e virtude, entre outros. | 2,00% | 1º trimestre | Proba obxectiva/Exame modelo CIUG Aristóteles – Filosofía Antiga (2)/ Comentario de textos/ Probas test/ |
| | ▪ HFB2.2.2 | ▪ HFB2.2.2. Comprende e explica con claridade suficiente, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais de Aristóteles, examinando a súa concepción da metafísica e da | 2,00% | 1º trimestre | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | física, o coñecemento, a ética eudemonística e a política, en comparación coas teorías de Platón. | | | /Disertación ou proba oral |
| | ▪ HFB2.2.3 | ▪ HFB2.2.3. Describe co rigor básico as respostas da física de Demócrito, identificando os problemas da filosofía antiga, e relaciona esas respostas coas solucións achegadas por Aristóteles. | 2,00% | 1º trimestre | |
| | ▪ HFB2.2.4. | ▪ HFB2.2.4. Estima e razoa dun xeito suficiente o esforzo da filosofía de Aristóteles por contribuír ao desenvolvemento do pensamento occidental, valorando positivamente a formulación científica das cuestións | 2,00% | 1º trimestre | |
| | ▪ HFB2.3.1. | ▪ HFB2.3.1. Describe as respostas das doutrinas éticas helenísticas, e identifica algúns dos grandes logros da ciencia alexandrina. | 2,00%<br>total:30 | 1º trimestre | |
| B3.1<br>B3.2<br>B3.3<br>B3.4 | ▪ HFB3.1.1. | ▪ HFB3.1.1. Explica con corrección básica o encontro da filosofía e a relixión cristiá nas súas orixes, a través das teses centrais do pensamento de Agostiño de Hipona. | 2,00% | 2º trimestre | Proba obxectiva/Exame modelo CIUG Agostiño/Tomé – Filosofía Medieval /Comentario de textos/ Probas test/ Disertación ou proba oral |
| | ▪ HFB3.2.1 | ▪ HFB3.2.1. Define, cando menos parcialmente, conceptos de Tomé de Aquino, como razón, fe, verdade, deus, esencia, existencia, creación, inmortalidade, lei natural, lei positiva e precepto, entre outros, e aplícaos con rigor. | 2,00% | | |
| | ▪ HFB3.2.2. | ▪ HFB3.2.2. Entende e explica coa claridade básica, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Tomé de Aquino, distinguindo a relación entre fe e razón, as vías de demostración da existencia de Deus, e a lei moral, en comparación coas teorías da filosofía Antiga. | 2,00% | | |
| | ▪ HFB3.2.3 | ▪ HFB3.2.3. Discrimina, cando menos a nivel global, as respostas do agostinismo, a filosofía árabe e xudía, e o nominalismo, identificando os problemas da filosofía medieval, en relación coas solucións achegadas por Tomé de Aquino. | 2,00% | | |
| | ▪ HFB3.2.4. | ▪ HFB3.2.4. Valora basicamente o esforzo da filosofía de Tomé de Aquino por contribuír ao desenvolvemento das ideas e os ao cambios sociais da Idade Media, xulgando positivamente a universalidade da lei moral. | 2,00% | | |
| | ▪ HFB3.3.1 | ▪ HFB3.3.1. Coñece, cando menos globalmente, as teses centrais do nominalismo de Guillerme de Ockham e a súa importancia para a entrada na modernidade. | 2,00% | 2º trimestre | |
| B.4.1<br>B.4.2<br>B.4.3<br>B.4.4 | ▪ HFB4.1.1 | ▪ HFB4.1.1. Comprende, na medida suficiente, a importancia intelectual do xiro do pensamento científico que se deu no Renacemento, e describe as respostas da filosofía humanista sobre a natureza humana. | 2,00% | 2º trimestre | Proba obxectiva/Exame modelo CIUG Descartes – |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| B.4.5<br>B.4.6 | ▪ HFB4.1.2. | ▪ HFB4.1.2. Explica coa corrección básica as ideas ético-políticas fundamentais de N. Maquiavelo e compáraas cos sistemas ético-políticos anteriores | 2,00% | 2º trimestre | Filosofía Moderna (1)/<br>Comentario de textos/ Probas test/ Disertación ou proba oral |
| | ▪ HFB4.2.1 | ▪ HFB4.2.1. Identifica, cando menos suficientemente, conceptos de Descartes como razón, certeza, método, dúbida, hipótese, "cogito", idea, substancia e subxectivismo, entre outros, e aplícaos con rigor. | 2,00% | | |
| | ▪ HFB4.2.2. | ▪ HFB4.2.2. Comprende e explica coa claridade básica, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Descartes, analizando o método e a relación entre coñecemento e realidade a partir do "cogito" e o dualismo no ser humano, en comparación coas teorías da filosofía antiga e da medieval. | 2,00% | | |
| | ▪ HFB4.2.3. | ▪ HFB4.2.3. Identifica os problemas da filosofía moderna, cando menos a escala xeral, e relaciónaos coas solucións aportadas por Descartes.. | 2,00% | | |
| | ▪ HFB4.2.4 | ▪ HFB4.2.4. Estima e razoa basicamente o esforzo da filosofía de Descartes por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios socioculturais da Idade Moderna, e valora a universalidade da razón cartesiana. | 2,00% | | |
| B.4.7<br>B.4.8 | ▪ HFB4.3.1 | ▪ HFB4.3.1. Utiliza conceptos de Hume, cando menos parcialmente, como escepticismo, crítica, experiencia, percepción, inmanencia, asociación, impresións, ideas, hábito, contradición, causa, crenza, sentimento, mérito, utilidade, felicidade, contrato social, liberdade e deber, entre outros, e úsaos con rigor. | 2,00% | 2º Trimestre | Proba obxectiva/Exame modelo CIUG Locke - Hume – Filosofía Moderna (2)<br>Comentario de textos/ Probas test/ Disertación ou proba oral |
| | ▪ HFB4.3.2. | ▪ HFB4.3.2. Entende e explica coa claridade básica, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais de Hume, distinguindo os principios e os elementos do coñecemento respecto á verdade, a crítica á causalidade e á substancia, e o emotivismo moral, en comparación coas teorías da filosofía antiga e da medieval, e co racionalismo moderno. | 2,00% | | |
| | ▪ HFB4.3.3 | ▪ HFB4.3.3. Coñece e explica as ideas centrais, polo menos dun xeito básico, do liberalismo político de Locke, identificando os problemas da filosofía moderna, e relaciónaas coas solucións aportadas por Hume. | 2,00% | | |
| | ▪ HFB4.3.4 | ▪ HFB4.3.4. Valora suficientemente o esforzo da filosofía de Hume por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios socioculturais da Idade Moderna, xulgando positivamente a procura da felicidade colectiva.. | 2,00%<br>total:32 | | |
| B4.9 | ▪ HFB4.4.1 | ▪ HFB4.4.1. Comprende basicamente os ideais que impulsaron os ilustrados franceses, e explica | 2,00% | 3º Trimestre | Proba |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| B4.10<br>B4.11<br>B4.12<br>B4.13 | | co rigor básico, o sentido e transcendencia do pensamento de Rousseau, a súa crítica social, a crítica á civilización, o estado de natureza, a defensa do contrato social e a vontade xeral. | | | obxectiva/Exame modelo CIUG Kant - Filosofía Moderna (3)/ Comentario de textos/ Probas test/ Disertación ou proba oral |
| | ▪ HFB4.5.1 | ▪ HFB4.5.1. Aplica conceptos de Kant, cando menos dun xeito parcialmente correcto, como sensibilidade, entendemento, razón, crítica, transcendental, ciencia, innato, xuízo, a priori, a posteriori, facultade, intuición, categoría, ilusión transcendental, idea, lei, fenómeno, nóumeno, vontade, deber, imperativo categórico, autonomía, postulado, liberdade, dignidade, persoa, paz e pacto, entre outros, e utilízaos con rigor. | 2,00% | | |
| | ▪ HFB4.5.2. | ▪ HFB4.5.2. Entende e explica coa claridade básica, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Kant, candop menos con corrección parcial, analizando as facultades e os límites do coñecemento, a lei moral e a paz perpetua, comparándoas coas teorías da filosofía antiga, medieval e moderna. | 2,00% | | |
| | ▪ HFB4.5.3 | ▪ HFB4.5.3. Describe a teoría política de Rousseau, identificando suficientemente os problemas da filosofía moderna e relacionándoa coas solucións achegadas por Kant. | 2,00% | | |
| | ▪ HFB4.5.4 | ▪ HFB4.5.4. Respecta e razoa coa corrección básica, o esforzo da filosofía de Kant por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios socioculturais da Idade Moderna, e valora a dignidade e a procura da paz entre as nacións | 2,00% | | |
| B5.1<br>B5.2 | ▪ HFB5.1.1. | ▪ HFB5.1.1. Identifica, aínda que sexa connn corrección parcial, conceptos de Marx como dialéctica, materialismo histórico, praxe, alienación, infraestrutura, superestrutura, forzas produtivas, medios de produción, loita de clases, traballo, plusvalor e humanismo, entre outros, e utilízaos con rigor. | 2,00% | 3º trimestre | Proba obxectiva/Exame modelo CIUG Marx - Filosofía Contemporánea (1)/ Comentario de textos/ Probas test/ Disertación ou proba oral<br>Proba Test/proba obxectiva |
| | ▪ HFB5.1.2 | ▪ HFB5.1.2. Coñece e explica coa claridade suficiente, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Marx, polo menos con corrección parcial, examinando o materialismo histórico e a crítica ao idealismo, á alienación e á ideoloxía, e expón a súa visión humanista do individuo. | 2,00% | 3º trimestre | |
| | ▪ HFB5.1.3. | ▪ HFB5.1.3. Identifica suficientemente os problemas da filosofía contemporánea en relación coas solucións achegadas por Marx. | 2,00% | | |
| | ▪ HFB5.1.4 | ▪ HFB5.1.4. Valora basicamente o esforzo da filosofía de Marx por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais da Idade Contemporánea, xulgando positivamente a defensa da igualdade social. | 2,00% | | |

Av. de Galicia nº 3 - 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra. Tfno.: 886151873 - Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.es

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| B5.3<br>B5.4<br>B5.5 | ▪ HFB5.2.1 | ▪ HFB5.2.1. Define, cando menos con corrección parcial, conceptos de Nietzsche como crítica, traxedia, intuición, metáfora, convención, perspectiva, xenealoxía, transvaloración, nihilismo, superhome, vontade de poder, e eterno retorno, entre outros, e aplícaos co rigor básico. | 2,00% | | Proba obxectiva/Exame modelo CIUG Nietzsche - Filosofía Contemporánea (2)/ Comentario de textos/ Probas test/ Disertación ou proba oral |
| | ▪ HFB5.2.2. | ▪ HFB5.2.2. Entende e explica coa claridade suficiente, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía de Nietzsche, cando menos dun xeito global correcto, considerando a crítica á metafísica, á moral e á ciencia, a verdade como metáfora, e a afirmación do superhome, como resultado da inversión de valores e a vontade de poder, en comparación coas teorías da filosofía antiga, medieval, moderna e contemporánea. | 2,00% | 3º trimestre | |
| | ▪ HFB5.2.3. | ▪ HFB5.2.3. Distingue basicamente as respostas de Schopenhauer na súa afirmación da vontade e identifica, cando menos con corrección parcial, os problemas da filosofía contemporánea, en relación coas solucións achegadas por Nietzsche. | 2,00% | | |
| | ▪ HFB5.2.4 | ▪ HFB5.2.4. Estima suficientemente o esforzo da filosofía de Nietzsche por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais da Idade Contemporánea, e valora suficientemente a defensa da verdade e da liberdade. | 2,00% | | |
| B5.6 | ▪ HFB5.3.1 | ▪ HFB5.3.1. Utiliza, aínda que sexa con corrección parcial, conceptos de Ortega y Gasset e aplícaos co rigor suficiente, como obxectivismo, ciencia, europeización, filosofía, mundo, circunstancia, perspectiva, razón vital, raciovitalismo, vida, categoría, liberdade, idea, crenza, historia, razón histórica, xeración, home-masa e home selecto, entre outros. | 2,00% | 3º Trimestre | Proba obxectiva/Exame modelo CIUG Ortega - Filosofía Contemporánea (3)/ Comentario de textos/ Probas test/ Disertación ou proba oral |
| | ▪ HFB5.3.2 | ▪ HFB5.3.2. Comprende basicamente e explica coa suficiente claridade, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías fundamentais da filosofía e da análise social de Ortega y Gasset, en relación con posturas filosóficas como o realismo, o racionalismo, o vitalismo ou o existencialismo, entre outras | 2,00% | | |
| | ▪ HFB5.3.3. | ▪ HFB5.3.3. Respecta basicamente o esforzo da filosofía de Ortega y Gasset por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais e culturais da Idade Contemporánea española, e valora realmente o seu compromiso coa defensa da cultura e da democracia. | 2,00% | | |
| B5.7<br>B5.8<br>B5.9<br>B5.10 | ▪ HFB5.4.1. | ▪ HFB5.4.1. Identifica conceptos de Habermas, cando menos cunha corrección parcial, como coñecemento, interese, consenso, verdade, enunciado, comunicación, desigualdade, ou mundo da vida, e conceptos básicos da filosofía posmoderna, como deconstrución, diferenza, | 1,00% | 3º Trimestre (se é factible. Se non nas clases antes do exame da | Comentario de textos/ Probas test/ Disertacións ou probas orais. |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | cultura, texto, arte, e comunicación, entre outros, aplicándoos co rigor suficiente. | | reválida) | |
| | ▪ HFB5.4.2 | ▪ HFB5.4.2. Entende e explica con claridade suficiente e básica, tanto na linguaxe oral coma na escrita, as teorías da filosofía de Habermas, distinguindo os intereses do coñecemento e a acción comunicativa, e as teorías fundamentais da posmodernidade, analizando, cando menos con corrección parcial, a deconstrución da modernidade desde a multiplicidade da sociedade da comunicación, | 1,00% | | |
| | ▪ HFB5.4.3. | ▪ HFB5.4.3. Identifica suficientemente as respostas da filosofía crítica da escola de Frankfurt e reflexiona sobre elas, identificando, cando menos con corrección global, os problemas da filosofía contemporánea. | 1,00% | | |
| | ▪ HFB5.4.4. . | ▪ HFB5.4.4. Estima suficientemente o esforzo da filosofía de Habermas e do pensamento posmoderno por contribuír ao desenvolvemento das ideas e aos cambios sociais da Idade Contemporánea, e valora o seu esforzo na defensa do diálogo racional e o respecto á diferenza. | 1,00% | | |
| | ▪ HFB5.4.5. | ▪ HFB5.4.5. Coñece, acndo menos parcialmente, as teses características do pensamento posmoderno, como a crítica á razón ilustrada, á idea de progreso, ao pensamento totalizador e á trivialización da existencia, o crepúsculo do deber, ou a perda do suxeito fronte á cultura de masas, entre outras. | 1,00% | | |
| | ▪ PSB5.5.2. | ▪ HFB5.4.6. Explica e argumenta sobre as principais teses dos filósofos posmodernos, como Vattimo, Lyotard e Baudrillard, e reflexiona sobre a súa vixencia coa corrección básica e suficiente. | 1,00%<br>total: 38 | | |
| TOTAL | | | 100,00% | | |

*Dentro da flexibilidade xeral estes serían os aspectos globais da temporalización prevista:

1º Trimestre: Filosofía antiga: Platón*, Aristóteles;

***Consideramos** que hai que sentar unhas bases sólidas, uns piares sobre os que fundamentar todo o curso. Por iso, dedicaremos máis tempo ao comezo da Filosofía Grega (Presocráticos, Sofistas, Sócrates, Platón, xa que cremos que deste xeito, aséntase conceptos e termos que serán vitais no devir do curso e na meirande parte dos autores posteriores). Xa non só facilitará a comprensión do neoplatonismo agustiniano ou do aristotelismo tomista, senón que conceptos como esencia, devir, permanencia, sentidos fronte a razón, etc, son básicos para os posteriores autores, polo tanto, Agostiño e Tomé serán tratados no 2º Trimestre, coa intención de que estes contidos actúen ademais como "reforzo teórico e repaso conceptual". Isto implica que, no caso de adiantarse as datas da primeira avaliación de 2º de

Bacharelato, poida que non cheguemos a ter os exames completamente corrixidos de Platón e, xa que logo, Aristóteles.

2º Trimestre: Filosofía medieval e Filosofía moderna (I): Agostiño e Tomé, Descartes, Locke e Hume.

3º Trimestre: Filosofía moderna (II) e contemporánea (I+II+III): Kant, Marx, Nietzsche, Ortega y Gasset.

(Ortega y Gasset será impartido a finais de curso se é factible. Se non, deixaríase para as clases de reforzo que empregamos nas semanas finais de Maio-Xuño para quen se presente á proba de ABAU correspondente ou quen queira asistir).

- No caso da materia de Historia da Filosofía, como queda exposto ao longo desta programación, é imprescindíbel <u>fomentar a lectura e pensamento crítico e o comentario de texto</u>.

## <u>5.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA</u>

## ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

Na medida en que sexa posible, partirase da competencia inicial do alumnado e potenciaranse as metodoloxías activas e participativas. O diálogo na aula servirá, tanto para espertar o interese ou motivación sobre a temática a tratar, como para razoar colectivamente o asunto tematizado.

Os textos a comentar así como as distintas actividades a realizar en cada tema terán unha dimensión individual e outra colectiva coa posta en común, á hora da corrección, dos achados individuais, se fose o caso.

Na medida en que o currículo da materia así o esixe, traballaremos dun xeito constante coa elaboración e aprendizaxe da metodoloxía máis axeitada para obter bos resultados nos modelos de exame da CIUG, o que implica afondar non só nos estándares de aprendizaxe senón na compresión e comentario de textos dos diversos autores.

Entre as estratexias metodolóxicas empregaremos:

-Resolución de exames de Historia da Filosofía seguindo o modelo actual da CIUG.

-Elaboración de mapas conceptuais da unidade didáctica que facilitarán as tarefas de memorización comprensiva.

-Elaboración de glosarios.

-Elaboración de táboas comparativas.

-Análise e comentarios de textos.

-Traballos individuais.

-Traballos de grupo.

-Exposición, comentario e análise de posibles presentacións elaboradas.

Av. de Galicia nº 3 - 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra. Tfno.: 886151873 - Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.es

# 6.-MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Non empregaremos libro de texto, senón os apuntamentos que foi elaborando ao longo destes anos o profesor Juan Ramón Búa Soneira e que actualizou este verán para o curso 2022-23.
Tamén se empregarán recursos dixitais e documentais accesibles na rede.

# 7.- CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

## ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

Realizaranse os seguintes tipos de probas escritas:
En termos xerais, as probas de avaliación consistirán na realización en horario lectivo dun ou varios exames (seguindo o modelo actual da CIUG) por avaliación que se poderán cualificar de 0 a 10 puntos.

**Estrutura do exame**

Cada exame estruturarase do seguinte xeito:

1. **Un estándar de aprendizaxe do bloque histórico que se estea a traballar acompañado dun fragmento ilustrativo do mesmo.** A resposta consistirá en comentar o fragmento (sempre extraído da antoloxía de Textos que figura na web da CIUG) e, a partir do devandito comentario, desenvolver o estándar. A cualificación máxima desta primeira parte será de **6** puntos (o 60% da proba), **3** para o comentario e **3** para a resposta á cuestión.
2. **Un estándar de aprendizaxe duns dos dous bloques históricos restantes.**
   A resposta consistirá no desenvolvemento do estándar mediante unha pregunta tipo tema. A cualificación máxima desta segunda parte será de **4** puntos (o 40 % da proba).

A distribución histórica dos estándares é a seguinte:

a) **Filosofía antigo-medieval**

A orixe do cosmos na corrente presocrática.
Dialéctica socrática e relativismo dos sofistas.
Realidade e coñecemento en Platón.
Platón: antropoloxía e política.
Física e metafísica en Aristóteles.
Ética e política en Aristóteles.
O problema razón/fe na filosofía medieval.

b) **Filosofía moderna**

Descartes: o problema do método e a evidencia do *cogito*.

O liberalismo político de Locke.

Hume: crítica das ideas de sustancia e causalidade.

Razón e progreso na Ilustración.

Os límites do coñecemento en Kant.

A lei moral en Kant.

c) **Filosofía contemporánea**

Alienación e ideoloxía en Marx.

Nietzsche: crítica da cultura occidental.

Ortega y Gasset: a razón vital.

**Criterios de avaliación do exame – RÚBRICA OFICIAL CIUGA**

A cualificación global do exame distribúese do seguinte xeito:

**1ª parte**.- a cualificación máxima será de **6** puntos: **3** para o comentario e **3** para a cuestión proposta.

No comentario valorarase a comprensión do texto, especialmente no que atinxe aos seus conceptos fundamentais e estrutura argumentativa, e a relación entre o texto e un contexto máis amplo (o autor e o seu lugar na historia da filosofía).

A avaliación da cuestión teórica farase en base á pertinencia dos contidos informativos da resposta, á precisión no uso dos conceptos, e á coherencia e articulación discursiva da exposición.

Tanto no comentario como na cuestión, terase tamén en conta a corrección expresiva e gramatical.

**2ª parte**.- a cualificación máxima será de **4** puntos.

A avaliación da cuestión teórica farase —coma no caso anterior— en base á pertinencia dos contidos informativos da resposta, á precisión no uso dos conceptos, e á coherencia e articulación discursiva da exposición. Tamén se terá en conta a corrección expresiva e gramatical.

**Valor das probas**

A nota da avaliación será a nota ou a media aritmética das notas obtidas nos exames modelo CIUG. Deberase obter unha puntuación de 5 puntos para considerar aprobada a materia.

**A nota final será a media das 3 avaliacións.**

**Mecanismos para recuperar unha avaliación non superada:**

Todos os exames modelo CIUG terán o seu correspondente exame de recuperación. Haberá que

recuperar polo tanto ese novo exame do autor (es) para considerar recuperada unha avaliación.

Por exemplo, se na 1ª Avaliación se fixeron exames modelo CIUG de Platón e Aristóteles, haberá dous exames de recuperación (de Platón e Aristóteles) ou en casos excepcionais, exames modelo CIUG adaptados para a recuperación dos dous autores.

**Avaliación final:**

No caso de ter suspensos a final de curso dous exames modelo CIUG de distintos autores e os seus correspondentes exames de recuperación, considérase que a materia está suspensa. Así mesmo para o resto dos casos nos que non se produce este problema, haberá unha proba obxectiva modelo CIUGA para recuperar cada apartado pendente.

A nota final é a nota media das tres avaliacións. As notas das recuperacións substitúen as notas das avaliacións correspondentes pero o seu valor real será a media aritmética cando sexa preciso, elaborada coa nota da avaliación suspensa máis a nota da recuperación. Así un 4 na avaliación e un 8 na recuperación equivalerían a efectos de notas finais a un 6. Se o exame de recuperación está aprobado, pero a nota da media aritmética non chega ao 5, aprobaríase ao alumno igualmente cun suficiente.

**Avaliación extraordinaria:**

O alumnado deberá realizar unha proba sobre os contidos avaliados dese xeito e ao longo do curso.

A proba consistirá nun exame modelo CIUG con dúas opcións a partir dos estándares de aprendizaxe das cales o alumnado escollerá unha:

| **Opción A** | **Opción B** |
| --- | --- |
| A orixe do cosmos na corrente presocrática | Dialéctica socrática e relativismo dos sofistas. |
| Realidade e coñecemento en Platón. | Física e metafísica en Aristóteles. |
| Platón: antropoloxía e política. | Ética e política en Aristóteles. |
| Descartes: o problema do método e a evidencia do cogito. | O problema razón/fe na filosofía medieval. |
| O liberalismo político de Locke. | Hume: crítica das ideas de substancia e causalidade. |
| Os límites do coñecemento en Kant. | Razón e progreso na Ilustración. |
| A lei moral en Kant. | Nietzsche: crítica da cultura occidental. |
| Alienación e ideoloxía en Marx. | Ortega y Gasset: a razón vital. |

A puntuación será a mesma antes referida para os modelos exames CIUG, lembremos:

RÚBRICA OFICIAL CIUGA:

A cualificación global do exame distribúese do seguinte xeito:

1ª parte.- a cualificación máxima será de 6 puntos: 3 para o comentario e 3 para a cuestión proposta. No comentario valorarase a comprensión do texto, especialmente no que atinxe aos seus conceptos fundamentais e estrutura argumentativa, e a relación entre o texto e un contexto máis amplo (o autor e o seu lugar na historia da filosofía).

A avaliación da cuestión teórica farase en base á pertinencia dos contidos informativos da resposta, á precisión no uso dos conceptos, e á coherencia e articulación discursiva da exposición.

Tanto no comentario como na cuestión, terase tamén en conta a corrección expresiva e gramatical.

2ª parte.- a cualificación máxima será de 4 puntos.

A avaliación da cuestión teórica farase —coma no caso anterior— en base á pertinencia dos contidos informativos da resposta, á precisión no uso dos conceptos, e á coherencia e articulación discursiva da exposición. Tamén se terá en conta a corrección expresiva e gramatical.

## ACTUACIÓN ANTE AS FALTAS

Para os efectos do protocolo para a prevención e control do absentismo escolar e do número máximo de faltas de asistencia permitidas, será necesario un xustificante médico.

## 8.- ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

Non existe alumnado coa materia pendente.

## 9.- DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS RESULTADOS

A avaliación inicial constará de dúas fases.

Fase a) Tres preguntas. A primeira pedirá ao alumnado que exprese as razóns e expectativas que o levaron a escoller esta materia optativa. En segundo lugar, deberán responder a unha serie de termos que darán a medida dos coñecementos previos sobre a materia así como a súa capacidade de expresión escrita. Finalmente, farase unha cuestión na que teñan que poñer en funcionamento a súa percepción e atención.

A realización da avaliación inicial terá lugar dentro das primeiras cinco sesións do curso académico.

En canto ás consecuencias dos seus resultados:

Informarase ao alumnado das fortalezas e debilidades detectadas. En caso necesario remitirase ao alumnado ao departamento de Orientación para recibir consello especializado e se organizarán as medidas de atención á diversidade que se especifican a continuación.

Fase b) Despois de facer un repaso xeral dos contidos mínimos do curso anterior, farase unha proba común a tódolos grupos do mesmo nivel para comprobar o nivel de coñecementos que ten cada un dos nosos alumnos.

**Aprendizaxes imprescindibles non adquiridas**

Despois da proba inicial, e dependendo das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas por cada alumno, entregaráselle material individual no que aparecerán:

| CONTIDOS MÍNIMOS | ACTIVIDADE | RECURSOS | TEMPORALIZACIÓN |
|---|---|---|---|
| | | | |

As aprendizaxes imprescindibles non adquiridas xa foron establecidas nos informes individuais que se elaboraron en Xuño e en Setembro. Aínda así quedarán confirmadas ou non coa proba inicial.

Aparte deste material, cada vez que empecemos un tema faremos un repaso que nos permita recordar coñecementos adquiridos noutros cursos e que son necesarios para poder progresar adecuadamente.

As actividades de reforzo que se lles entregarán a aqueles alumnos que o necesiten deberán ser entregadas tal e como lle indique o seu profesor.

- **Actividade lectiva presencial**: En papel ou a través da aula virtual.

## 10.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Tomaranse, de ser o caso medidas ordinarias organizativas:

a) Adecuación para algún alumno/a de materiais e recursos diferenciados

b) Reforzo educativo do profesorado na aula

Medidas ordinarias curriculares:

a) Adaptación dos tempos e/ou instrumentos de avaliación para algún alumno/a

b) Programa específico e adaptación personalizada para repetidores da materia

## 11.- CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO

Como indica a LOMCE, "Historia da Filosofía (...) contribúe ao desenvolvemento integral dos alumnos e das alumnas de bacharelato, xa que permite tomar conciencia do seu ser como ser pensante e autónomo, e reflexionar sobre as súas propias crenzas, ideas e conviccións e as do mundo que hai arredor, de xeito crítico e razoado, e rexeitalas e/ou modificalas, ou asumilas como parte de si". Ese será o noso obxectivo básico: "favorecer o desenvolvemento integral dos alumnos e alumnas". Os temas transversais e contidos actitudinais están en gran medida recollidos nos contidos das distintas áreas do departamento. Por esa razón non consideramos necesario explicitar ditos temas na programación, aínda que debemos subliñar que se hai algunha materia que especificamente faga un gran esforzo na teoría e na praxe no tema da reflexión crítica e razoada dende a teoría, esa é claramente esta, "Historia da Filosofía".

## 12.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS

O Departamento de Filosofía do IES A Basella colabora activamente na rede de escolas de AI ao longo de todo curso académico. Neste contexto é de esperar que, como outros anos, poidamos realizar algunha actividade complementaria apoiados por eles (charla de activista de DDHH ou similar) así como algunha das diferentes tarefas propostas. De todos o xeitos, é política do centro evitar ao máximo actividades extraescolares ou complementarias para 2º de bacharelato.

Av. de Galicia nº 3 - 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra. Tfno.: 886151873 - Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.es

## 13.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICVA DOCENTE. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN, E MODIFICACIÓNS DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E OS PROCESOS DE MELLORA

| **Indicadores de logro do proceso de ensino** | Escala (de menos a máis) | | | |
|---|---|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado | | | | |
| 2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe | | | | |
| 3.- Conseguiuse motivar para a participación activa da maioría do alumnado | | | | |
| 4.- Adoptáronse as medidas organizativas axeitadas para atender ao alumando con NEAE | | | | |
| 5.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado | | | | |
| 6.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación | | | | |
| 7.- Comunicouse ao titor/a as informacións requiridas para a comunicación coas familias ou ben a estas | | | | |
| 8.- Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo e participativo dentro do grupo | | | | |
| 9.- Informouse axeitadamente dos criterios de avaliación, dos contidos, estándares, procedementos e instrumentos, valor das probas, mecanismos de recuperación e do carácter público da programación | | | | |

**Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica**

**-Periodicidade de revisión: anual, acordo de Dpto. No que constarán**

**-Medidas resultado da revisión:**

**-Contidos engadidos, adiados, eliminados con respecto á programación prevista.**

Av. de Galicia nº 3 - 36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra. Tfno.: 886151873 - Fax: 886151881 ies.abasella@edu.xunta.es

## Táboa de Indicadores

| **Indicadores para a revisión, avaliación e modificación da programación didáctica** | Escala (de menos a máis) | | | |
|---|---|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 1.- Adecuación do deseño das unidades didácticas a partir dos elementos do currículo | | | | |
| 2.- Adecuación da secuenciación e temporalización das unidades didácticas | | | | |
| 3.- Adecuación do desenvolvemento da programación á secuenciación e temporalización previstas | | | | |
| 4.- Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades | | | | |
| 5.- Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar | | | | |
| 6.- Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación | | | | |
| 7.- Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación | | | | |
| 8.- Adecuación do plan inicial de avaliación | | | | |
| 9.-Adecuación dos materiais didácticos empregados | | | | |
| 10.-Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua | | | | |
| 11.-Adecuación dos criterios de recuperación de exames, avaliacións | | | | |
| 12.- Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final | | | | |
| 13.- Adecuación dos criterios establecidos para a proba extraordinaria | | | | |
| 14.- Adecuación dos criterios establecidos para as materias pendentes | | | | |
| 15.-Adecuación dos exames tendo en conta o valor de cada estándar | | | | |
| 16.- Adecuación dos mecanismos informativos ás familias | | | | |
| 17.-Grao de integración das TIC na materia | | | | |
| 18.- Adecuación do seguimento e revisión da programación dentro do curso | | | | |
| 19.- Adecuación das actividades complementarias e extaescolares | | | | |

## 14.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

Seguiremos o plan lector do centro e teremos moi en conta as súas conclusións: "En conclusión, o uso do galego na zona é menor do que pensabamos, sobre todo no fogar, e ademais, amosa tendencia a diminuír cada vez máis. Por outra banda, a valoración do alumnado das súas competencias en galego é

boa, e obsérvase querencia por conservar o idioma e estendelo a outros usos. No entanto, existen bastantes prexuízos en canto ao uso do galego en ámbitos diferentes á familia ou o ámbito académico. Así, parece que o alumnado non considera tan apropiado o uso do galego no ámbito tecnolóxico, ou como idioma que resulte atractivo para relacionarse coa xente da súa idade".

Por último, indicar que nos sumaremos ás medidas adoptadas polo Equipo de Normalización Lingüística do Centro.
Así, algunhas das accións concretas de fomento da lectura que se tentarán  realizar son as seguintes:

☐ Actividades realizadas na aula que impliquen a lectura dalgún texto. A lectura pode ser en silencio, en pequeno grupo ou en gran grupo. Logo dunha primeira lectura o profesor facilita instrucións de traballo, fai preguntas guiadas ou aporta información extra para convertela nunha lectura comprensiva.

☐ Antes de realizar calquera traballo de consulta, aos alumnos explícaselles a diferenza entre as distintas fontes e a utilidade relativa das mesmas: obras orixinais de autor; monografías sobre autor/tema; dicionarios; enciclopedias; libros de texto/actividades; ensaios; revistas e prensa diaria.

Estas accións seguirán tamén os apartados expostos no plan lector do centro, a saber:
"A concienciación e a promoción do uso do galego debe ser un cambio lingüístico asumido voluntariamente e dependerá de actuacións que xeren nas persoas unha dinámica interna que conduza a este cambio lingüístico.

Os principais obxectivos para o fomento do uso do galego son:

- Acadar unha mellor competencia oral e escrita en galego no noso alumnado.

- Aumentar o uso habitual do idioma galego no entorno educativo para que poida extrapolarse posteriormente a outros ámbitos. Asegurarase o emprego do galego nas actividades non estritamente académicas, como actividades culturais ou de ocio.

- Mellorar a valoración e aprecio pola nosa lingua.

## 15.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC.

Ademais da colaboración prevista no plan do centro para a integración das TICs, o departamento de filosofía proporcionará unha serie de enderezos e páxinas web que axudarán ao alumnado no proceso

de ensino-aprendizaxe da materia de Historia da Filosofía de 2º de Bacharelato. Resulta importante fomentar no alumnado unha aprendizaxe de selección de información polo que se fomentará o emprego de criterios obxectivos na selección de páxinas web de contidos éticos e políticos.
Así mesmo proporcionará a información sobre os materiais audiovisuais existentes no centro (Videoteca) que poden complementar e enriquecer as visións dos problemas filosóficos concernentes ás nocións desenvolvidas no currículo e que están a disposición da comunidade educativa.

## 16.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA.

Os contidos e actividades da área inclúen a **coeducación** así como a **solución dialogada dos conflitos**.
Por esta razón, temos previsto que o alumnado que curse "Historia da Filosofía" en 2º de Bacharelato teña a posibilidade de irse conformando como futuro **equipo de mediación para a convivencia no centro**.
Agardamos que esta sexa unha medida útil e beneficiosa non só para este alumnado concreto, senón para o mellor desenvolvemento en tolerancia e convivencia do conxunto do centro, ao involucrar aos propios estudantes como mediadores directos nos posibles conflitos, o que cremos incidirá nunha máis positiva resolución dos mesmos.

## 17.- REFERENCIAS NORMATIVAS

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE), modificada parcialmente pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).
- Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato (BOE do 3 de xaneiro de 2015).
- Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato (BOE do 29).
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29). No caso das programacións didácticas de Educación Primaria, Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 9).
- Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021/22.
- Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.
- Orde de 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.
- Orde de 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación das ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

## 18.- DATOS DO DEPARTAMENTO

| Materia | Curso | Grupos | Profesor/a |
|---|---|---|---|
| VALORES ÉTICOS | 2º ESO | 1 | ROCÍO PÉREZ DÍAZ |
| EDUCACIÓN EN VALORES CÍVICOS E ÉTICOS | 3º ESO | 2 | JUAN RAMÓN BÚA SONEIRA |
| VALORES ÉTICOS | 4º ESO | 1 | ROCÍO PÉREZ DÍAZ |
| FILOSOFÍA | 1º BACH | 3 | JUAN RAMÓN BÚA SONEIRA |
| PSICOLOXÍA | 2º BACH | 1 | MARÍA CELIA NÚÑEZ PERTEJO |
| HISTORIA DA FILOSOFÍA | 2º BACH | 2 | JUAN RAMÓN BÚA SONEIRA |

## 19. PUBLICIDADE DA PROGRAMACIÓN.

A presente programación estará dispoñible para calquera consulta na conserxería do centro así como no departamento de filosofía e na web do centro. Así mesmo cada docente do departamento entregará ó inicio do curso información ós alumnos como mínimo sobre os obxectivos, contidos, metodoloxía, criterios e instrumentos de avaliación.

En Vilanova de Arousa, 20 de Setembro de 2022

Juan Ramón Búa Soneira

Xefe de Departamento.

Profesor/a que imparte a materia:

Juan Ramón Búa Soneira